# AXUDAS A PROBAS INTERNACIONAIS 2018

Co fin de axudar aos nosos deportistas destacados e co obxecto de apoiar a súa proxección internacional, convócanse as seguintes axudas a probas internacionais.

A Federación Galega de tríatlon e Péntatlon Moderno, axudará os seus deportistas de alto nivel, na medida das nosas posibilidades e naqueles casos nos que as respectivas Federacións Españolas (Triatlón e Pentatlón) non o fagan.

O límite de deportistas que accederán finalmente a estas axudas e o importe da mesma dependerá da contía económica dispoñible así como do cumprimento dos seguintes criterios.

**Criterios xerais de adxudicación:**

**1.-** Proxecto deportivo enfocado a probas internacionais que dean puntos para mellorar nos ranking ITU e/ou abran portas reais de clasificación para convocatorias internacionais con especial atención a Xogos Olímpicos e Paralímpicos.

**2.-**Deportistas convocados e confirmados para campionatos por seleccións autonómicas

**3.-** Resultados deportivos internacionais tempada 2018

**4.-** Compromiso asinado co adestrador/a e a dirección técnica.

*** O prazo límite de presentación de solicitudes será o 10 de agosto do 2018 e débese acompañar dun proxecto deportivo pluri-anual (2018-19), exceptuando os casos nos que a planificación deportiva dependa na actualidade da Dirección Técnica da Fegatri.**

Todos aqueles deportistas interesados deberán de dirixir a súa solicitude ó enderezo electrónico da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (fegatri@hotmail.com).

Aplicación dos criterios xerais:

**Criterio 1.-** Proxecto deportivo a valorar por XD ata un máximo de **8 puntos.**

**Criterio 2.-** Excluinte no caso de deportistas que rexeiten a convocatoria ou non xustifiquen debidamente a súa ausencia no autonómico 2018.

**Criterio 3.-** Resultados deportivos. Terase en conta a mellor puntuación obtida polo deportista dentro do seguinte baremo

| **CRITERIO POR RESULTADO** | | **Puntos** |
|---|---|---|
| **Nivel I** | **Participación** en Copa continental- ITU | 3 |
| **Nivel I** | **Participación** en Campionatos de Europa e do Mundo en modalidade non olímpica (ITU) | 3 |
| **Nivel I** | **Participación** en proba internacional non draft Categoría **PRO** | 3 |
| **Nivel II** | **TOP 20** en CC ITU | 5 |
| **Nivel II** | **TOP 5** en C Europa ITU, C Mundo ITU modalidade non olímpica e proba non draft internacional Categoría PRO | 5 |
| **Nivel III** | **Participación** en Copa do Mundo – ITU | 6 |
| **Nivel IV** | **TOP 30** en CM – ITU | 10 |
| **Nivel V** | **Participación** en series mundiais – ITU | 12 |
| **Nivel V** | **Participación** en Copa do Mundo Péntatlon – UIPM | 12 |
| **Nivel V** | **Participación** en Paratríatlon World Series | 12 |
| **Nivel VI** | **TOP 40** series mundiales – ITU (en 1 proba) | 15 |
| **Nivel VI** | **TOP 36** Copa do Mundo Péntatlon – UIPM (en 1 proba) | 15 |
| **Nivel VI** | **TOP 5** Paratríatlon World Series (en 1 proba) | 15 |
| **Nivel VII** | **TOP 25** series mundiais – ITU (Final) | 25 |
| **Nivel VII** | **TOP 10** Copa do Mundo Péntatlon – UIPM (Final) | 25 |
| **Nivel VII** | **TOP 5** Final mundial paratríatlon | 25 |

* Teranse en conta só os resultados en categoría "Elite/PRO"

**Criterio 4.-** Excluínte.

O deportista comprométese A asistir prioritariamente a todos aqueles actos ou competicións para as que sexa requerido pola Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno durante a tempada 2018.